



Nota de prensa

Nova aposta por un consumo sostible

**EROSKI COLABORA NUN PROXECTO
INTERNACIONAL DE INNOVACIÓN PARA LLES
BUSCAR ALTERNATIVAS AOS ENVASES DE
PLÁSTICO**

- As investigacións céntranse na consecución dunha botella de zume e dun recipiente para cosméticos fabricados por bioplásticos e reforzados con fibras naturais procedentes da froita
- O proxecto de innovación, que durará ata xuño do 2020, pretende demostrar que a sustentabilidade e a eficiencia se poden aplicar ás prácticas agrícolas e industriais mediante o desenvolvemento potencial dos residuos en ingredientes de valor engadido
- A cooperativa responde ao seu compromiso de ecodeseñar o 100 % dos seus envases de marca propia e de orientar os seus procesos cara ao 'Desperdicio 0' e mais os principios de economía circular
- EROSKI, que ten como obxectivo reducir para o 2025 polo menos nun 20 % as toneladas de plástico dun só uso que utiliza decote, testará entre os consumidores os novos envases

Elorrio, 25 de setembro do 2019.- [EROSKI](#) participa no proxecto de innovación internacional para o desenvolvemento de envases alternativos ao plástico [Citruspack](#). O proxecto, que durará ata xuño do 2020, ten como obxectivo demostrar que a sustentabilidade e a eficiencia se poden aplicar ás prácticas agrícolas e industriais investigando e impulsando o potencial dos residuos mediante a súa valorización nunha serie de novas cadeas de valor.

As investigacións céntranse na elaboración dunha botella para zume e outras bebidas naturais, e mais dun recipiente para cosméticos, ambos os dous fabricados con bioplásticos e reforzados con fibras naturais procedentes da pel da froita. Amais de teren unha orixe biobaseada e de seren respectuosas co ambiente, as botellas deben cumprir con requirimentos técnicos moi esixentes. Os refugalloos procedentes da transformación utilízanse como aditivos naturais para o reforzo de botellas e envases de polímeros 100% biobaseados, renovables e compostables, que teñen como orixe o amidón de pataca e a fibra de laranxa procedente de espremer o zume. Ademais, complétase o ciclo utilizando estes ingredientes na composición dos cosméticos. Deste xeito preténdese revalorizar ata un 80% das materias primas usadas no proceso de transformación.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Outro dos fins de Citruspack é reducir o desperdicio de alimentos con procesos de transformación de alimentos máis sostibles e coa obtención dunha validación completa e aprobación de proba previa para cuantificar a aceptación do mercado a través da experiencia do consumidor. Por iso, EROSKI vai testar entre os seus clientes as mostras dos envases producidos neste proxecto.

EROSKI coa colaboración neste proxecto non só responde ao compromiso de ecodeseñar o 100% dos envases de marca propia, co resultado de reducir un 20% o plástico dun só uso utilizado, senón tamén a orientar os seus procesos cara ao 'Desperdicio 0' e mais os principios de economía circular.

O proxecto Citruspack está coordinado polo centro tecnolóxico Aitiip de Zaragoza. Amais de EROSKI, conta coa colaboración de AMC Innova Juice and Drinks S. L. (España), división científica de AMC Natural Drinks (empresa gañadora do Premio Nacional de Innovación); da empresa especializada en construción e funcionamento de plantas de biometanización OWS Nv (Bélxica); da asociación de empresas para o desenvolvemento de plásticos Plastipolis (Francia) e mais do centro tecnolóxico TECOS (Eslovenia).

Citruspack forma parte do programa LIFE, que é o instrumento financeiro da Unión Europea dedicado exclusivamente ao medio natural. O seu obxectivo xeral para o período 2004-2020 é contribuír ao desenvolvemento sostible e ao logro dos obxectivos e metas da Estratexia Europa 2020 e as estratexias e plans pertinentes da Unión sobre medio natural e clima.

Compromiso co medio natural

EROSKI traballa para se manter no grupo líder do sector na redución do impacto ambiental do plástico. O seu obxectivo é alcanzar para o 2025 unha redución de polo menos o 20% das toneladas de plásticos dun só uso dos seus envases.

Para alcanzar este propósito, EROSKI puxo en marcha diversas medidas. Por exemplo, permítelle ao consumidor o uso dos seus propios envases reutilizables, como friameiras ou túppers, nas seccións de carnicería e peixería.

Recentemente EROSKI incorporou unha nova bolsa de malla reutilizable como alternativa á bolsa de plástico dun só uso para a compra de froita e verdura por xunto no seu compromiso de facilitar que o consumidor poida adoptar patróns de consumo máis sostibles. Ademais, a comezos do 2019 implantou unha gama ampla de solucións sostibles para substituír a bolsa de compra de plástico convencional. Así, introduciu unha nova bolsa de papel co selo FSC® mixto (Forest Stewardship Council), certificación que acredita que a fibra do papel provén de bosques xestionados de xeito sostible ou de material reciclado, e é 100% reciclable; outra bolsa compostable, fabricada con materiais de orixe vexetal renovable e que se pode reutilizar como bolsa de lixo para a fracción orgánica; e tamén unha bolsa

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



reutilizable de plástico, 100% reciclable e que usa de materia prima plástico reciclado polo menos nun 55%.

Ademais, tamén como parte da súa estratexia para loitar contra a contaminación por plásticos, EROSKI mantén o compromiso de ecodeseñar o 100% dos seus envases para o 2025 co fin de que sexan 100% reciclables, de eliminar o sobreenvasado e de potenciar o uso de materiais reciclados e de orixe renovable.

A cooperativa é unha compañía fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no contorno no que opera. O uso sostible dos recursos, a redución da súa pegada ambiental, a xestión de residuos seguindo un modelo de economía circular, a preservación da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus renovados [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#), que presentou o pasado ano e nos que tamén se enmarcan as novas solucións de bolsas da compra máis sostibles.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)